



## Política de privacidad

Na presente Política de Privacidade (“Política”), nós, Qualcomm Incorporated e as nosas empresas filiais (colectivamente “nós”, “nos” ou “noso/nosa”) achegamos información sobre o modo en que recompilamos, usamos, procesamos e transferimos os datos persoais.

Qualcomm Incorporated e as nosas filiais somos unha organización global que comparte datos que xestionamos por medio de empresas (entidades xurídicas), procesos empresariais e sistemas de información en todo o mundo. Polo tanto, no que se refire a esta Política, empregamos o termo “datos persoais”, en liñas xerais, para cubrir todas as leis de privacidad e de protección de datos vixentes. O termo “datos persoais” refírese a aquela información relativa a unha persoa natural identificable ou a aquela información que podería ser empregada razoablemente (por si mesma ou mesturada con outros datos razoablemente dispoñibles) para identificar a unha persoa natural.

### Ámbito de aplicación

A presente Política aplícase aos nosos sitios web, produtos, servizos, software ou aplicacións nas que publiquemos unha ligazón directa a esta Política ou nos refiramos a ela (en conxunto os “Servizos”). Esta Política cobre exclusivamente os datos recompilados a través dos Servizos e non os datos recollidos ou procesados por ningún outro medio, incluíndo, sen limitación, as prácticas de recollida de datos doutros servizos que manteñan as súas propias políticas de privacidad independentes. Ocasionalmente, remitirémonos á presente Política en relación a enquisas e páxinas web con fins especiais como, por exemplo, as nosas páxinas web de oportunidades laborais; neses casos, a presente Política aplicarase coas modificacións indicadas na solicitude de notificación ou consentimento particular (por exemplo, con respecto aos tipos de datos recompilados ou aos fins da recompilación).

### Tipos de datos e métodos de recompilación

Recompilamos diversos datos de carácter persoal a través dos medios descritos a continuación. Vostede pode decidir acerca dos datos que recompilamos. Cando se lle soliciten datos persoais, pode optar por non proporcionarlos. Se rexeita proporcionar os seus datos, a súa capacidade de usar o produto ou servizo aplicable pode verse diminuída ou restrinxida.

**Datos que proporciona.** Recompilamos o seu nome, enderezo(s) de correo electrónico, enderezo(s) físico, número(s) de teléfono e datos relacionados coa empresa que representa cando nos solicita información, cando se rexistra, cando solicita algún produto ou servizo ou ben cando nos envía dita información intencionalmente. En relación cos servizos de pago, tamén recompilaremos información en relación ao pagamento (por exemplo, número de tarxeta de crédito e datos de verificación relacionados), número de teléfono e enderezos de facturación e envío.

**Datos que recompilamos automaticamente dos nosos sitios web.** Cando visita un dos nosos sitios web, recompilamos datos xerais do seu equipo ou dispositivo móbil como o tipo de navegador, o sistema operativo, o enderezo IP e o nome do dominio dende o que accedeu ao sitio web; se accede ao noso sitio web co seu dispositivo móbil, recompilamos tamén o tipo de dispositivo. Ademais, recompilamos datos sobre o xeito no que usa os nosos sitios web, como a data e a hora da visita, as áreas ou páxinas do sitio web que visita, o tempo que dedica á visualización do sitio web, o número de veces que volve ao sitio web e outros datos de seguimento de visitas.

**Cookies.** Empregamos cookies, balizas web ou tecnoloxías similares para recompilar datos sobre o uso dos nosos sitios web ou aplicacións web. Unha cookie é un pequeno ficheiro de texto que se almacena no disco ríxido do seu equipo ou dispositivo cando accede ao sitio web. Utilizamos cookies para axudar a operar aos nosos sitios web e servizos, incluíndo: (1) recordar os seus datos para que non teña que inserir a mesma información cando volve ao sitio web; (2) brindarlle contido personalizado ou ofertas no sitio web; (3) desenvolver estatísticas agregadas para axudar a controlar o rendemento do sitio web, realizar investigacións, mellorar os nosos contidos e servizos e (4) axudar a protexer a seguridade dos nosos sitios web e servizos.

Tamén permitimos que outras empresas, como os socios de análise web, os anunciantes ou as redes de publicidade, establezan ou accedan ás súas cookies ou balizas web (tamén coñecidas como 1x1 pixel.gif ou etiquetas de acción) no sitio web. Por exemplo, usamos empresas de publicidade de terceiros para publicar anuncios no noso nome en Internet ou para mostrar anuncios doutras empresas no noso sitio web. Estas empresas de publicidade de terceiros utilizan cookies e balizas web para medir e mellorar a eficacia dos anuncios para os seus clientes, incluído nós. Para iso, estas empresas usan datos sobre as súas visitas ao noso sitio web e a outros sitios ao longo do tempo. Estes datos poden incluír: data e hora do anuncio do banner mostrado, un identificador único contido na súa cookie e a dirección IP do dispositivo. Estes datos tamén se poden empregar para personalizar anuncios para que teña máis

probabilidades de ver anuncios sobre bens e servizos do seu interese. Se desexa máis información sobre isto e sobre as súas opcións en relación cos anuncios personalizados, visite [este artigo](#).

Vostede é libre de rexeitar as cookies, pero ao facelo, pode que non poida usar algunhas funcións no sitio web ou aproveitar ao máximo todas as nosas ofertas. Comprobe o menú "Axuda" do seu navegador para saber como modificar as súas preferencias con respecto ás cookies. Para obter máis información, consulte a nosa Política de Cookies.

**Software e aplicacións:** As empresas filiais de Qualcomm Incorporated crean un tipo de software e aplicacións para móbiles que poden axudar a mellorar o funcionamento dos móbiles, a conservar a batería, a mellorar a seguridade dos dispositivos ou ofrecer outros beneficios. A través destas aplicacións de software, podemos recompilar datos de localización, identificadores únicos (como un número de serie do conxunto de chips ou ID de abonado internacional), datos sobre as aplicacións instaladas ou en execución no dispositivo, datos de configuración como o fabricante, modelo ou operador da rede inalámbrica, datos sobre o sistema operativo e a versión, datos de compilación de software e datos sobre o rendemento do dispositivo, como o rendemento do conxunto de chips, o uso da batería e os datos térmicos.

[Saber máis](#)

Fontes de terceiros: Tamén podemos obter datos persoais procedentes de fontes de terceiros, como axentes de datos, redes sociais, outros socios ou fontes públicas.

## Obxectivos da recompilación e o uso de datos

Recompilamos e procesamos datos persoais sobre vostede co seu consentimento para, na medida do necesario, proporcionar os produtos que utiliza, xestionar o noso negocio, cumprir as obrigas contractuais e legais, protexer a seguridade dos nosos sistemas e os nosos clientes ou cumprir outros intereses lexítimos. Entre os fins para os que recompilamos e usamos os datos inclúense:

- Responder as súas solicitudes, como por exemplo unha solicitude de información ou unha solicitude para subscribirse a un servizo ou mercar un produto;
- Proporcionar, xestionar, manter e protexer os Servizos solicitados;
- Operar e mellorar o noso negocio, incluíndo a administración, protección e mellora dos nosos servizos e sistemas, o desenvolvemento de novos produtos e servizos e outros fins comerciais internos;

- Comprender mellor as preferencias dos usuarios dos nosos Servizos, recompilar estatísticas agregadas sobre o uso dos nosos Servizos e axudarlle a personalizar a súa experiencia co noso sitio web e Servizos;
- Proporcionarlle información sobre as nosas tecnoloxías, lanzamentos de produtos ou servizos, noticias e outras comunicacións; e
- Calquera outro uso descrito nesta Política ou no momento no que recompilamos os datos.

Para acadar estes fins e na medida do permitido pola lei aplicable, é posible que combinemos os distintos tipos de datos que recompilamos a partir de distintas fontes.

## Onde almacenamos e procesamos os datos

Almacenamos e procesamos os datos nos Estados Unidos e tamén en servidores de todo o mundo, incluíndo, entre outros, Asia e o Espazo Económico Europeo. Onde queira que almacenemos ou procesemos os datos persoais de conformidade con esta Política, tomamos medidas para garantir que os datos sexan procesados de acordo con esta Política e de conformidade coa lei aplicable.

Transferimos datos persoais do Espazo Económico Europeo a outros países, algúns dos cales non foron determinados pola Comisión Europea como posuíntes dun nivel adecuado de protección de datos. Cando o facemos, utilizamos unha variedade de mecanismos legais para efectuar a transferencia (tales como o seu consentimento ou contratos legais).

## Divulgación de datos persoais

Accedemos aos seus datos persoais dentro de Qualcomm (incluídas as súas filiais) e compartimos datos con provedores de terceiros ou prestadores de servizos que procesan os datos no noso nome para os fins establecidos nesta Política. Tamén podemos ofrecer formación ou outros servizos aos empregados e traballadores dos nosos clientes empresariais. Nestes casos, podemos compartir datos sobre o uso da nosa formación e outros servizos cos clientes empresariais identificados para o seu uso comercial. Tamén podemos compartir os seus datos se o require a lei ou co obxectivo de protexer ou exercer tanto os nosos dereitos legais coma os dereitos legais de terceiros, por exemplo, no caso dunha obriga legal ou de procesos xudiciais. Podemos compartir ou transferir os seus datos en conexión cunha venda prospectiva ou real, fusión, transferencia ou outra reorganización de todo ou parte do noso

negocio. Por último, tamén podemos compartir os seus datos persoais para os fins para os que vostede nos concedeu permiso.

## As súas opcións

**Aceptar/Rexeitar.** Nalgunhas circunstancias, como a comercialización por correo electrónico, ofrecémoslle a posibilidade de aceptar ou rexeitar algún tipo de recompilación, uso ou intercambio de datos. Nestas circunstancias, respectaremos a súa elección.

**Dereitos das persoas interesadas.** As leis dalgúns países ou estados permítenlle solicitar acceso, corrixir, suprimir ou restrinxir os seus datos persoais, así coma outros dereitos relacionados cos seus datos persoais. [Prema aquí para exercer eses dereitos..](#)

**Non rastrexar.** Na actualidade non respondemos aos sinais “Non rastrexar” (“DNT”) enviados polos navegadores web. Aínda non se adoptou unha norma uniforme para determinar como deberían interpretarse os sinais DNT e as accións que deberían tomar os sitios web e terceiros que os reciban. Non obstante, pode usar outros medios para controlar a recompilación e uso de datos, incluídos os controis de cookies na configuración do seu navegador e os controis de publicidade personalizados que se describen na sección de Cookies anterior.

## Retención

Conservamos os datos persoais o tempo que a súa conta estea activa, se é necesario, para prestarlle servizos. Eliminaremos os seus datos persoais nun prazo razoable despois de que deixen de ser necesarios para a finalidade comercial para a cal foron recompilados. Non obstante, manteremos e utilizaremos os datos persoais necesarios para cumprir coas nosas obrigas legais, resolver as disputas e facer cumprir os nosos acordos.

## Seguridade

As transmisións por Internet nunca son 100% seguras ou libres de erros. Non obstante, tomamos todas as medidas razoables para protexer os seus datos fronte a súa perda, mal uso e acceso non autorizado, divulgación, alteración e destrución. É a súa responsabilidade salvagardar os seus contrasinais e identificadores de usuario e notificarnos mediante un dos métodos de contacto que se enumeran a continuación se sospeita que o seu contrasinal ou

identificación de usuario para algún dos nosos Servizos estivo comprometido. Vostede é o único responsable de calquera uso non autorizado dos nosos servizos realizado a través do seu contrasinal e ID de usuario.

## **Privacidade dos menores**

Os nosos Servizos están destinados a adultos. Non recompilamos intencionadamente nin conscientemente información persoal identificable de menores, tal e como a define a lei aplicable, e rogamos que estes non nos envíen datos persoais.

## **Emendas**

Reservámonos o dereito a cambiar, modificar, engadir ou eliminar partes desta Política en calquera momento, porén, farémolle saber que se realizaron ditos cambios na Política por medio da indicación da última data de actualización. Se modificamos a Política dun xeito substancial, publicaremos a notificación en liña oportuna cun mínimo de trinta días de antelación e/ou solicitaremos o seu consentimento expreso conforme o esixe a lei. Cando visita os nosos sitios web ou utiliza os nosos Servizos, está a aceptar a versión actual desta Política. Recomendamos aos usuarios revisar ocasionalmente esta Política para estar ao tanto de calquera cambio realizado.

## **Contacto**

Para pórse en contacto coa nosa empresa, envíe un correo electrónico a [privacy@qualcomm.com](mailto:privacy@qualcomm.com), ou escribanos a Qualcomm Incorporated, á atención de: Privacy Counsel, 5775 Morehouse Drive, San Diego, CA 92121.

Data de entrada en vigor: martes, 30 de abril de 2019

© 2019 Qualcomm Technologies, Inc. e/ou as súas empresas filiais.